

OFERTA OTOÑO 🍁 1 año de información por solo 2€/mes

[Quiero la oferta](#)

MUROS

Samuel París, o poeta que racha con todo



A. GERPE

RIBEIRA / LA VOZ



Samuel L. París

O muradán acaba de publicar unha singular obra composta por trece partes

26 abr 2024 . Actualizado a las 05:00 h.

[Comentar · 0](#)

Ante todo, **Samuel L. París** é un verso libre, un home de distancias curtas e un poeta da era dixital que en modo algún renuncia ao clasicismo do xénero literario que tan ben domina. Tanto é así que lle gusta ser trovador e facer recitais sen empregar dispositivos de son e audio: «Que a palabra se defenda soa». Explica que cando vai intervir nalgún lugar adoita dicirlles aos organizadores que

non precisa micrófono, que o coloquen só si eles o ven necesario: «Penso que deste xeito se establece unha comunicación especial».

Aínda que este autor e músico nado en Muros manifesta que non pode escapar da tradición da que forma parte, a súa relación coa poesía afástase dos convencionalismos para buscar o reto que supón crear a partir das contribucións dos lectores. Eles poden ser tanto a súa fonte de inspiración como o aliciente para novas composicións poéticas. Xa recoñece este filólogo en lingua hispánica e galega que «no mundo da poesía son unha *rara avis*».

Nada responde a un patrón na obra de Samuel París e o seu último traballo volve ser proba diso. O título entronca co de volumes anteriores: *O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo*. Como cabe agardar, tampouco o contido é usual. A obra publicada por Edicións Positivas, e presentada o pasado mércores na sede da editorial en Santiago de Compostela, **consta de 13 partes**. Os versos que a compoñen saen «dun universo astronómico referenciado dende o poeta».

A orixe remóntase a uns textos feitos para un recital que levou a cabo no Centro Astronómico de Trevinca e que comezou a intercalar noutros recitais poéticos.

Co tempo xurde *O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo*, no que «**todo pivota sobre a idea de que todo está roto**». Trátase dunha ampla colección de poemas de estilos diversos: «Uns son íntimos, outros fan referencia a clásicos, outros son escuros e incisivos». Ao mesmo tempo, subliña que «hai unha trindade cun universo de alí fóra ao que non podemos chegar, o de aquí diante e o de dentro».

Poemas nun blog

Samuel, que foi baixista dos grupos Terbutalina de Muros e do pontevedrés Thee Blind Crows, lanzou a súa primeira obra no 2008, co título *Manual da destrución*. Fíxoo na Regueifa Netlabel, una plataforma sen ánimo de lucro que permitía aos autores difundir o seu traballo.

No 2012, Edicións Positivas saca ao mercado *Inflamable* e, ao ano seguinte, o muradán volve romper cos convencionalismos. Ao longo do 2013 escribe e publica no seu blog un poemario completo á semana. **Foron un total de 52 obras**: «Algunhas con poetas amigos cos que fixen probas de escribir a varias

mans». Recoñece que este compromiso voluntario de publicación semanal era unha presión, pero precisa que «é un ambiente no que me sinto cómodo».

Sobre a forma particular de desenvolver a súa actividade, manifesta que lle gusta «observar a literatura con todas as posibilidades que ofrece».

Facer partícipes aos lectores tamén é moi do seu agrado, como o demostrou na pandemia con *Zero pedrolo*, no que tamén sacou partido das redes sociais para un xogo particular: «Propoñía á xente que me fixera unha proposta de título e eu compoñía os poemas. Realicei un total de 40».

E do mesmo xeito que se sirve do dixital, tamén aposta polo analóxico máis clásico. No 2015 publicou baixo demanda 25 poemarios con textos únicos: «Eu tiña uns cadernos moi bonitos e pensei que podía facer algo con eles. Propuxen a quen o quixera facer **un poemario único**, porque cada exemplar tiña textos que só estaban alí e que non van estar en ningún outro lugar».

Cinco anos despois, publicou *Internacional de poesía anarquista* e, no 2023, una serie de poemas que enviou en postais. Cunha nova obra xa dispoñible nas librarías, París irá informando a través dunha *newsletter* na súa web sobre os recitais que ofrecerá para dar a coñecer o libro.

Archivado en: Muros Poesía Santiago ciudad



Comentar · 0


También en La Voz

Los efectos de Kirk en Galicia: rachas de 181 kilómetros por hora, hasta 91 litros de lluvia por metro cuadrado desde medianoche y problemas de tráfico y en colegios



Cada cuánto hay que cambiar las sábanas y por qué hacerlo ayuda a dormir mejor

LAURA MIYARA



Comentarios
